

En data 23 de setembro de 2016 pola Alcaldesa do Concello de Trabada asinouse o Texto Consolidado do Convenio de Colaboración

tipo entre a Excma Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para a execución de obras, servizos e creación de emprego

ao abeiro do " Programa Depuemprego", cunha axuda económica por importe de 41.844,92 euros.

Ao abeiro de esta axuda, estáse a tramitar expedientes de selección de persoal laboral temporal, coas seguintes características:

1 Auxiliar Administrativo, xornada completa, doce meses (en todo caso ata o día 30 de outubro de 2017).

O Decreto de convocatoria e aprobación das bases serán publicadas nesta páxina web e na Deputación Provincial

o MARTES DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2016 .O prazo para a presentación de instancias e documentación

será **dende o día 26 de outubro de 2016** ▶ **ata o día 2 de novembro** .(sábado e domingo inhábiles) .

1 Arquitecto técnico/Grado Enxeñería Edificación, xornada parcial (50%), doce meses

(en todo caso fin o día 30 de outubro de 2017).O Decreto de convocatoria e aprobación das bases serán publicadas nesta páxina web

e na Deputación Provincial o MARTES DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2016 . O prazo para a presentación de instancias e documentación será

dende o día 26 de outubro ao 2 de novembro de 2016 (sábado , domingo e festivo inhábiles).

1 Técnico Deportivo , nove meses , xornada parcial (50%). O Decreto de convocatoria e aprobación das bases serán publicadas

nesta páxina web e na Deputación Provincial o XOVES DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2016 . O prazo para a presentación de instancias

e documentación será **dende o día 28 de outubro ao 4 de novembro de 2016.**